



PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN

USO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DO GROVE





Índice

1. OBXECTO	3
2. ÁMBITO DE APLICACIÓN	3
3. MEDIDAS DE CONTROL E SEGUIMIENTO	4
4. NORMAS XERAIS DO PROTOCOLO	7
4.1. Cumprimento do protocolo	7
4.2. Actividades do protocolo: tipoloxía e desenvolvemento	8
4.3. Acollemento ao protocolo	9
5. NORMAS DO USO DAS INSTALACIÓNS	12
5.1. Normas xerais	12
5.2. Normas específicas do uso dos vestiarios	15
5.3. Normas específicas do uso dos aseos	16
5.4. Normas específicas do uso de salas e ximnasios	17
5.5. Normas específicas do acceso público ás instalacións	17
Anexo I.	18
Anexo II.	19
Anexo III.	20



1. OBXECTO

Este documento pretende a reactivación da práctica deportiva nas instalacións deportivas municipais do Concello do Grove adoptando as medidas de prevención e hixiénico-sanitarias necesarias para lle facer fronte á pandemia provocada pola Covid-19 conforme o disposto polas autoridades sanitarias e deportivas.

2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Este protocolo será de aplicación nas instalacións que están xestionadas directamente polo Concello do Grove e que se detallan a continuación:

- Pavillón municipal Monte da Vila
- Pavillón municipal Monte da Vila Novo
- Pavillón de Conmeninho
- Pavillón Náutico Tono Campos
- Campo de fútbol Monte da Vila
- Campo de fútbol As Lampáns
- Pistas de pádel municipais

A actividade que se vai desenvolver na primeira fase, e mentres a normativa reguladora do sector non varíe, será **sen contacto físico**. Esta característica considérase básica e fundamental para a interpretación e aplicación do protocolo e a determinación da actividade deportiva que se vai desenvolver nas instalacións deportivas municipais.

As actividades que se poden desenvolver nas instalacións deportivas son aquelas reguladas no presente documento, e que, previamente, sexan autorizadas polo departamento de Deportes do Concello. As persoas usuarias, individual ou colectivamente, deberán pertencer á entidade deportiva solicitante, con licenza federativa en vigor ou seguro de accidentes substitutivo, que se atopen libres de sintomatoloxía da enfermidade, sendo responsabilidade exclusiva das entidades deportivas o seu cumprimento e control.

3. MEDIDAS DE CONTROL E SEGUIMIENTO

No caso de que unha persoa da entidade deportiva con acceso ás instalacións deportivas municipais teña **sintomatoloxía do virus*** causante da Covid-19, deberá informar de xeito inmediato ao responsable da entidade deportiva e esta ao Servizo Galego de Saúde (teléfono: 900 400 116) para iniciar o protocolo previsto pola Consellería de Sanidade.

A entidade deportiva, por medio de quen coordine ou do persoal técnico responsable do grupo, e sempre antes do inicio de cada sesión, deberá cubrir o formulario (**ANEXO II**) que indica o nome das persoas da entidade que asistirán ao adestramento, o seu número de identificación persoal (DNI) e, de ser o caso, a distribución das persoas participantes nos vestiarios asignados. Unha vez remate o adestramento, debe envialo ao seguinte correo:

tecnicodeportes@concellodogrove.es

**Sintomatoloxía do virus*

*Considérase **sintomatoloxía do virus** un cadro clínico de infección respiratoria aguda de aparición súbita e de calquera gravidade, incluíndo febre, tose ou falta de alento, entre outros. Ante a presenza doutros síntomas atípicos como a dor de garganta, perda de olfacto, alteración do sentido do gusto, dores musculares, entre outros, é importante buscar outros indicios adicionais que apoien a sospeita de infección. Será o xuízo clínico do/a profesional o que determine a realización de probas complementarias.*



4. NORMAS XERAIS DE PROTOCOLO

4.1. Cumprimento do protocolo

O presente protocolo é de cumprimento obrigatorio por parte das entidades deportivas usuarias da instalación baixo a súa exclusiva responsabilidade, e serán as responsables do cumprimento por parte das persoas que o integran (deportistas, adestradores/as, coordinadores/as, delegados/as, etc.); sen prexuízo das normas que publique a autoridade competente durante o transcurso da pandemia.

Deberanse seguir, en todo momento, as indicacións do persoal do departamento de Deportes e, en especial, do operario/conserxe da instalación.

4.2. Actividades dentro do protocolo: tipoloxía e desenvolvemento

O protocolo será de obrigado cumprimento nas seguintes actividades deportivas que se poidan desenvolver nas instalacións deportivas municipais: adestramentos, competicións oficiais, eventos deportivos...

Antes do inicio da actividade, as federacións deportivas galegas correspondentes ás modalidades que pretendan desenvolver as entidades deportivas nas instalacións municipais deberán dispor dun protocolo, previamente aprobado mediante resolución da Secretaría Xeral para o Deporte, no que se identifiquen as situacións potenciais de contaxio, atendendo ás vías recoñecidas polas autoridades sanitarias, e no que se establezan as medidas de tratamento de risco de contaxio adaptadas á casuística. O protocolo FISICOVID da ou das modalidades deportivas será, xunto con este protocolo e o protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte, de obrigado cumprimento pola entidade usuaria das instalacións.

As actividades deportivas que se poden desenvolver nas instalacións municipais virán determinadas, en cada momento, pola activación das fases nas que se compón o plan de reactivación da actividade nas instalacións deportivas municipais do Concello do Grove, que, a título informativo, se detallan a continuación, pero que terán un carácter dinámico por mor da situación cambiante que se está a vivir:

FASE I: Actividades deportivas de forma individual ou colectiva, sen contacto físico, daquelas modalidades deportivas con protocolo federativo FISICOVID aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte, que desenvolvan a súa actividade no ámbito do deporte federado, con licenza en vigor e competicións oficiais convocadas no horizonte de 6-8 semanas coa limitación de 25 persoas máximo por grupo e quenda. Esta fase contéplase para aqueles clubs ou deportistas que teñan que desenvolver algunha competición deportiva oficial, previamente autorizada pola federación correspondente. En calquera caso desenvolverase sen asistencia de seareiros/as. Só se permitirá o acceso ás instalacións a aquelas persoas imprescindibles para o desenvolvemento da competición (xogadoras/es, cadro técnico, servizos médicos, árbitros/as, xuíces/zas, anotadores/as ou cronometradores/as, delegadas/os, etc.).

FASE II: Igual que a fase 1.^a, pero poderanse desenvolver competicións oficiais con seareiros/as, previamente autorizada pola federación correspondente. Estas desenvolveranse mediante as estritas medidas hixiénicas, de seguridade e limitación de asistentes, dispostas polas autoridades correspondentes. As medidas que se deben adoptar serán de exclusiva responsabilidade da entidade organizadora, tanto na súa implantación como no seu control, así como os protocolos especiais e permisos sectoriais que sexan necesarios. A limitación de asistentes virá determinada polo departamento de Deportes do Concello para cada competición.

FASE III: Nas actividades iniciadas na fase anterior poderanse integrar aquelas derivadas do ámbito educativo, o desenvolvemento de eventos deportivos e aquelas que, inda que non teñan convocadas competicións oficiais, poden desenvolver actividades de preparación (adestramentos, sesións de selección de deportistas, campus de tecnificación/perfeccionamento, etc.).

FASE IV: Esta fase desenvolverase unha vez levantada a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia. Nese momento poderanse integrar o resto de persoas usuarias habituais das instalacións deportivas.

4.3. Acollemento ao protocolo

As entidades deportivas usuarias das instalacións responsabilízanse, ademais do cumprimento do presente protocolo, das indicacións do persoal municipal e da distinta normativa, en especial das seguintes:

- Protocolo FISICOVID-DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte.
- Protocolo FISICOVID da correspondente federación deportiva.

Para o uso da instalación, e de xeito previo á autorización municipal correspondente, a entidade deportiva deberá facer unha solicitude, achegando un documento (**ANEXO I**) no que declare e poña de manifesto o seguinte:

- 1)** O coñecemento da normativa en vigor que afecta a actividade que se vai desenvolver na instalación deportiva municipal, e o seu estrito cumprimento por parte de todas as persoas integrantes da entidade.
- 2)** O coñecemento do protocolo de uso da instalación deportiva municipal, e a súa aceptación expresa. Así como calquera indicación que reciba directamente do persoal do departamento de Deportes, e en especial do de control e vixilancia da instalación.
- 3)** O coñecemento das circunstancias excepcionais actuais, os protocolos e as normas establecidas para garantir a saúde e a seguridade de todas as persoas participantes antes, durante e con posterioridade á actividade que se vai desenvolver na instalación. En especial, o coñecemento, aceptación e cumprimento do protocolo FISICOVID- DXTGALEGO da Secretaría Xeral para o Deporte e o protocolo FISICOVID da correspondente federación deportiva.
- 4)** Eximir, expresamente, ao Concello do Grove de calquera responsabilidade que traia causa da situación sanitaria existente.
- 5)** A dispoñibilidade de persoal da entidade deportiva para desinfectar a instalación municipal utilizada unha vez rematado o adestramento.

Xunto coa solicitude, ou antes do inicio da actividade, deberase achegar o **protocolo FISICOVID da federación deportiva responsable da(s) modalidade(s) deportiva(s)** que desenvolva(n) a entidade solicitante, previamente aprobado pola Secretaria Xeral para o Deporte, ou informar do enderezo electrónico da páxina web federativa onde se atopa aloxado o citado protocolo e a súa aprobación pola Secretaria Xeral para o Deporte.

Antes do inicio da actividade, a entidade deportiva deberá notificarlle á **persoa que exercerá a coordinación da entidade deportiva**, e que será a responsable da entidade da aplicación dos respectivos protocolos e normas, e que será a única interlocutora ante o departamento de Deportes.

As entidades deportivas usuarias designarán unha persoa **responsable técnica encargada de cada grupo de adestramento** que velará polo cumprimento do protocolo establecido neste documento, e responderá ante o Concello durante o momento de desenvolvemento da actividade na instalación, debendo acatar as indicacións que, en cada momento, se dean polo persoal municipal responsable da instalación.

As entidades deportivas designarán persoal propio para a limpeza da instalación municipal unha vez rematado o adestramento.

A **entidade deportiva deberá velar e responsabilizarse** para que non poidan acceder á instalación as ou os deportistas positivos en Covid-19, aínda que sexan asintomáticos, así como aqueles non diagnosticados pero que teñan algún síntoma.

A entidade deportiva deberá responsabilizarse de que as persoas dependentes delas, con acceso ás instalacións deportivas municipais, teñen un control da temperatura corporal previo ao inicio da actividade, ben antes de iniciar o desprazamento á instalación, ben antes de acceder á instalación.

O persoal da entidade deportiva deberá utilizar os elementos de protección que en cada momento veñan determinados polas distintas normas. En especial, o uso de máscaras.

As distintas persoas integrantes da entidade deportiva teñen unha responsabilidade para si e para as demais, polo que deberán seguir coa máxima responsabilidade e cautela as normas hixiénico-sanitarias dispostas polas autoridades sanitarias e, en especial:

- O distanciamento físico mínimo (1,5 metros). Procurarase unha distancia física superior na realización de actividades deportivas tales como correr ou andar en bicicleta.
- O constante lavado de mans seguindo as indicacións dispostas polas autoridades sanitarias.
- O uso de máscara en instalacións pechadas, agás para a práctica deportiva.
- Desinfección ao finalizar a actividade de todo o material deportivo empregado, tanto persoal como propio da instalación.

Ás instalacións deportivas só poderán acceder as e os deportistas e o cadro técnico mínimo necesario para o desenvolvemento da actividade, a persoa responsable/coordinadora do club e a persoa que, de ser o caso, exerza a xefatura médica. A excepción daquelas competicións que se poidan desenvolver coa presenza de público seareiro.



5. NORMAS DE USO DA INSTALACIÓN

5.1 Normas xerais

O uso das instalacións deportivas estará limitado á capacidade que, en cada momento, determine o departamento de Deportes e que nunca superará a disposta polas autoridades competentes, que inicialmente está en 25 persoas máximo (incluído o corpo técnico), sen superar os 2/3 de capacidade.

Só lles está permitido o acceso ás instalacións deportivas a aquelas persoas previamente designadas pola entidade deportivas e que son imprescindibles para o desenvolvemento da actividade. Non se permite o acceso de persoas alleas á actividade.

Non está permitida ningunha actividade que non sexa deportiva ou non estea autorizada previamente polo departamento de Deportes.

O acceso e saída das instalación será exclusivamente por aquelas entradas designadas en cada instalación.

Os equipos de categoría base accederán á instalación todos xuntos e acompañados pola persoa designada pola entidade como responsable do grupo. Tanto no axuntamento fóra da instalación, como no acceso a esta, deberase gardar a distancia interpersoal de seguridade fixada polas autoridades sanitarias (1,5 m).

O acceso á instalación só estará permitido 5 minutos antes do inicio da actividade e deberá abandonarse, como máximo, aos 5 minutos de finalizada a actividade. De poder usarse os vestiarios, o tempo para abandonar a instalación será de 10 min.

Respectaranse, en todo momento, os horarios e espazos deportivos asignados.

Deberán limparse as mans coas solucións hidroalcohólicas antes de entrar en cada instalación/estancia/sala, así como ao saír de cada instalación/estancia/sala.

Deberán desbotar as máscaras, luvas, papel, etc. que se empregan, nas papeleiras que hai nas entradas de cada instalación/estancia/sala.

Unha vez na instalación, deberanse seguir os itinerarios marcados e/ou dispostos polo persoal da instalación, mantendo, en todo momento, a distancia interpersoal de seguridade: 1,5 m.

Evitarase tocar calquera superficie da instalación que non sexa imprescindible para o desenvolvemento do adestramento.

As persoas integrantes da entidade deportiva que accedan as instalación virán provistas de máscara hixiénica ou cirúrxica, que será obrigatoria en todo momento, agás na práctica da actividade física e deportiva.

As persoas participantes na actividade que se vai desenvolver na instalación virán vestidas coa roupa que utilizarán durante o adestramento; inicialmente, non se permite o uso de vestiarios.

De levar obxectos persoais á instalación, estes deberán deixarse, durante a práctica da actividade, recollidos nunha bolsa de propiedade da persoa participante nas zonas indicadas para tal fin en cada espazo. O departamento de Deportes non se fai responsable da custodia destes obxectos.

Na mesma zona asignada para o depósito dos obxectos persoais, deberanse cambiar, obrigatoriamente, o calzado da rúa por un específico para a práctica deportiva, salvo que na propia instalación se indique outro lugar distinto. Na fase en que se permita usar os vestiarios, este proceso desenvolverase neles.

Unha vez no interior, e cambiado o calzado da rúa por un específico para a actividade, deberase ir directamente ao espazo deportivo asignado.

En cada instalación, so se autoriza o desenvolvemento de actividades propias da modalidade deportiva para a que foi autorizada a entidade. As sesións de preparación física xeral, para aquelas modalidades deportivas que se desenvolven en instalacións pechadas, realizaranse, preferentemente, ao aire libre.

O uso de máscara é obrigatorio durante todo o tempo de permanenza na instalación, agás para as persoas que desenvolven a actividade (deportistas), que poderán non utilizala no momento concreto da práctica deportiva. Para os membros do cadro técnico e demais persoal de apoio é obrigatorio o seu uso sempre.

O horario asignado deberá cumprirse rigorosamente, non podendo atrasarse nin excederse en ningún momento nas franxas asignadas de tempo nin ocupar espazos distintos aos solicitados. As entidades deportivas deberán cumprir cunha puntualidade máxima para axustarse ao tempo do que dispoñen, tanto por perigo de provocar afluencia e demoras na entrada, como por respecto ás seguintes persoas usuarias e ao propio persoal traballador do centro (con quendas de desinfección obrigatorias asignadas e dependentes do cumprimento estrito dos horarios). Por mor das medidas hixiénico-sanitarias que se han de realizar entre quenda e quenda, poderase variar e/ou reducir o horario asignado.

O uso do ascensor limitarase ao mínimo imprescindible e utilizaranse preferentemente as escaleiras. Cando sexa necesario utilízalos, a súa ocupación máxima será dunha persoa, salvo que sexa posible garantir a separación de dous metros entre elas, ou naqueles casos de persoas que poidan precisar asistencia, en cuxo caso tamén se permitirá a utilización pola súa persoa acompañante. Neste

caso, de non ser posible garantir as distancias, utilizarase máscara hixiénica ou cirúrxica.

Non se poderán facer xuntanzas/reunións en ningún lugar da instalación deportiva, agás aquelas previamente autorizadas polo departamento de Deportes. As reunións técnicas de traballo, previamente autorizadas, poderanse desenvolver cun máximo de 25 participantes ou a capacidade designada polo departamento de Deportes para cada estancia. Sempre se deberá gardar a correspondente distancia de seguridade (1,5 m) e o uso de medidas de protección necesarias, con utilización obrigatoria de máscara hixiénica ou cirúrxica.

A entidade deportiva deberá ter, entre os seus aparellos de traballo, polo menos, solución hidroalcolica suficiente para o grupo que está desenvolvendo a actividade e produto desinfectante autorizado polo Ministerio de Sanidade para desinfectar o material propio da entidade (balóns, picas, cintas, etc.) segundo dispoña o protocolo FISICOVID da federación correspondente.

É obrigatoria para a entidade deportiva usuaria a desinfección de calquera material utilizado para o adestramento/actividade deportiva tras cada sesión.

As persoas membros da entidade deportiva non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares. Todos estes produtos deberán ter o nome de cada persoa. No caso de que se deixen nas instalacións, procederase á súa retirada e trataranse como refugallo.

Os desperdicios xerados pola entidade deportiva como consecuencia do uso da instalación deberán ser depositados nas papeleiras repartidas por toda a instalación.

Non se permite deixar ningún material persoal ou de adestramento en ningunha das salas ou instalacións non habilitadas ao respecto; de ser así, procederase á súa retirada e tratarase como refugallo.

Nas instalacións deportivas non está permitido o uso das bancadas, agás naquelas actividades, previamente autorizadas, que contén coa participación de persoas seareiras.

Nas sesións de adestramento deberanse manter os grupos de traballo estables durante a sesión e tamén se procurarán manter durante toda a semana de adestramentos: as mesmas parellas ou grupos para os exercicios, co obxectivo de reducir o número de contactos, anotando os nomes e as rotacións ou cambios en cada sesión.

As sesións de adestramento deberán deseñarse tendo en conta o menor nivel de risco posible de contaxio, dispoñendo os medios suficientes para controlar os factores clave para considerar no adestramento como máis importantes para valorar o risco:

- A característica da instalación deportiva: aberta ou pechada.
- O tamaño do espazo deportivo que determina o espazo de xogo de cada xogador/a.
- A duración dos exercicios que compoñen a sesión.

5.2 Normas específicas de uso dos vestiarios

Inicialmente, non está autorizado o uso dos vestiarios.

Cando se poidan utilizar os vestiarios e as duchas só se poderán usar os asignados previamente polo departamento de Deportes, e con estrito cumprimento da capacidade máxima determinada e sinalizada á entrada destes e do tempo máximo asignado.

Os vestiarios asignados a cada grupo dos equipos usuarios deberán ser, na medida do posible, utilizados sempre polas mesmas persoas do grupo, de tal xeito que se poida facer un seguimento correcto do seu uso.

Non está permitido realizar ningunha outra actividade distinta da propia dun vestiario (cambiar a roupa e hixiene persoal).

Tanto á entrada como á saída deberase facer unha correcta limpeza das mans con xabón.

Desbotaranse os panos ou calquera material descartable nas papeleiras instaladas. Non está permitido beber das billas dos vestiarios.

É obrigatorio o uso de chancletas nos vestiarios e nas duchas.

Recoméndase que os pequenos grupos que se formen para o uso dos vestiarios sexan os mesmos en todas as sesións para facilitar, de ser o caso, a trazabilidade dos posibles contaxios de Covid-19.

Ao finalizar cada uso dos vestiarios, unha persoa responsable da entidade deportiva debe desinfectar antes do seguinte uso.

5.3 Normas específicos do uso dos aseos

Os aseos que se poderán utilizar son os habilitados en cada momento.

A ocupación máxima será dunha persoa, salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, en cuxo caso tamén se lle permitirá a utilización á súa persoa acompañante.

Non se poderán utilizar para outro fin que o propio, e polo tempo imprescindible.

Antes do acceso, deberase facer unha correcta limpeza das mans con xabón, ao igual que de regreso ao espazo deportivo.

Deberanse tirar os panos ou calquera material desbotable nas papeleiras instaladas. Non está permitido beber das billas dos vestiarios.

As persoas membros das entidades deportivas, para o seu uso individual, deberán comunicarllo previamente á persoa responsable do grupo designado pola entidade deportiva para que, unha vez empregado, o desinfecte.

5.4 Normas específicas de uso de salas e ximnasios

Só poderán usar as salas e ximnasios as entidades que previamente os teñan asignados.

Deberase respectar, en todo momento, a capacidade máxima disposta polo departamento de Deportes do Concello e identificada mediante carteis ao acceso do recinto.

Para acceder e saír do ximnasio será obrigatorio limpar as mans con solución hidroalcohólica nos dispensadores instalados para tal efecto.

Para o uso do ximnasio cada deportista deberá utilizar dúas toallas: unha para interpoñer entre o corpo e as máquinas, colchonetas/esteiras ou chan, e a outra para o secado da suor.

No ximnasio non se poderán usar máquinas cunha distancia mínima entre posto dun metro e medio (1,5 m). Para iso deberase estruturar a sesión e o grupo de tal xeito que se cumpra esta medida.

Queda prohibido o uso daquelas máquinas que teñan o cartel “Fóra de servizo”.

Recoméndaselle á entidade deportiva que, logo do uso de cada máquina por unha persoa integrante do grupo, se desinfecte antes do seguinte uso. Para isto, a instalación terá en cada espazo e á disposición das persoas usuarias un pulverizador con desinfectante para o seu uso e papel descartable para a limpeza e o secado posterior.

Unha vez finalizada a actividade, será obrigatorio, e responsabilidade da entidade deportiva, a desinfección do equipamento e do material utilizado polos/as seus/súas deportistas.

5.5. Normas específicas para o acceso de público ás instalacións

Con carácter xeral, está prohibido o acceso de público e/ou acompañantes ás instalacións deportivas. Coa excepción daquelas actividades (competición e/ou eventos) que autorice o departamento de Deportes coa presenza de seareiros/as.

Para isto, estarase ao disposto, en cada momento, polas autoridades sanitarias e as normas específicas que se diten.

Inicialmente, as normas serán:

- Capacidade limitada ao disposto na autorización da actividade polo departamento de Deportes.
- Responsabilidade da entidade deportiva do cumprimento da normativa en canto a capacidade, control desta e respecto ás medidas de seguridade dispostas, con especial atención á distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros.
- Obrigatoriedade de uso de máscara en todo o momento que se permaneza na instalación, tanto nas pechadas como nas abertas.
- O público, durante a competición, deberá permanecer sentado. Non están permitidas as localidades de pé.



ANEXO I

DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN

D./Dña. _____, con NIF _____, en representación da entidade _____, con NIF _____

SOLICITO que a entidade que represento poida desenvolver os seus adestramentos nas instalacións deportivas municipais que se lle asignen en función da solicitude horaria que presente previamente e, tendo en conta a disposición organizativa do departamento de Deportes, para o cal lin con detalle a información proporcionada polo Concello do Grove e acepto as condicións de participación adoptando as medidas oportunas e necesarias,

DECLARO:

- ☐ Que a entidade á que represento coñece a normativa en vigor que lle afecta á actividade que se vai desenvolver na instalación deportiva municipal e comprométeme ao estrito cumprimento desta por parte de todos e cada un dos integrantes da entidade.
- ☐ Que a entidade á que represento coñece o protocolo básico de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais e a súa aceptación expresa. Así como calquera indicación que reciba directamente do persoal do departamento de Deportes e, en especial, do de control e vixilancia da instalación.
- ☐ Que a entidade á que represento coñece as circunstancias excepcionais actuais, os protocolos e as normas establecidas para garantir a saúde e a seguridade de todas as persoas participantes antes, durante e con posterioridade á actividade que se vai desenvolver na instalación. En especial, o coñecemento, aceptación e cumprimento do protocolo FISICOVID-DXTGALEGO, da Secretaría Xeral para o Deporte, e o protocolo FISICOVID, da correspondente federación deportiva (de estar aprobado).
- ☐ Que a entidade á que represento exime, expresamente, ao Concello do Grove de calquera responsabilidade que traia causa da situación sanitaria existente.
- ☐ Que a entidade á que represento dispón das declaracións responsables, aceptacións e compromisos individuais de cada un/unha dos/das membros da entidade que participarán na actividade nas instalacións deportivas municipais.
- ☐ Que a entidade á que represento dispón de persoal para desinfectar a instalación municipal utilizada unha vez rematado o adestramento/competición.

Así pois, noméase coordinador/a responsable da entidade deportiva para os efectos do disposto no Protocolo básico de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais, a D./Dña. _____, con NIF _____.

O Grove, ____ de _____ de ____

Sinatura: _____

ANEXO II

**FORMULARIO DE CONTROL DE ASISTENCIA ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS
MUNICIPAIS CONFORME O PROTOCOLO BÁSICO DE ACTUACIÓN COVID-19**

Asistentes:

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN

DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN E DE INFORMACIÓN SOBRE A COVID-19 NA VOLTA AOS ADESTRAMENTOS E COMPETICIÓN

D./Dña. _____ con NIF _____

5 actuando en nome propio, ou 5 como pai/nai/titor(a) do/a interesado/a menor de idade (de ser o caso, datos do/a menor)

D./Dña. _____ con NIF _____

para a actividade de volta aos adestramentos e competicións organizada pola entidade deportiva _____ para a tempada 2020-2021.

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE

- ☐ Declaro non estar diagnosticado/a de Covid-19 e non presentar sintomatoloxía asociada ao coronavirus (tose, febre, dificultade ao respirar, etc.) nin se me presentaron nos 14 días previos á data de entrada nesta actividade e que non padezo ningunha outra enfermidade contaxiosa.
- ☐ Declaro que non convivo con ningunha persoa afectada pola Covid-19 nin estiven en contacto estreito nin compartín espazos sen gardar a distancia interpersoal cunha persoa afectada pola Covid-19 nos 14 días previos á entrada nesta actividade.
- ☐ Comprométome a notificarlle inmediatamente á entidade deportiva calquera problema de saúde vinculado á Covid-19 durante o transcurso da actividade.
- ☐ Declaro, no caso de pertencer a un grupo vulnerable fronte á Covid-19, que son consciente de que, tras unha infección por este virus, as manifestacións da enfermidade poden ser máis severas que noutras persoas de grupos non considerados vulnerables.

(PERSONA VULNERABLE: persoa con enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, insuficiencia renal crónica, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo, enfermidade hepática crónica severa, obesidade mórbida [IMC>40], embarazo e maiores de 60 anos.)

ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN PERSOAIS DE HIXIENE E PREVENCIÓN FRONTE Á COVID-19

- ☐ Lin, acepto e comprométome a manter as condicións de hixiene e prevención nas que se vai desenvolver a actividade.

DECLARACIÓN DE LER E ACEPTAR A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLO CLUB SOBRE A ADAPTACIÓN DA ACTIVIDADE Á COVID-19

- ☐ Declaro que recibín e lin o Protocolo básico de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais do Concello do Grove e que, polo tanto, teño coñecemento pleno e estou de acordo coas medidas e procedementos que propón.
- ☐ Declaro que recibín e lin as medidas de prevención dispostas polo club e no protocolo FISICOVID da Federación Galega.

O Grove, ____ de _____ de _____

Sinatura: _____